

Guía Didáctica Colección de Instrumentos Musicales e Obxectos Sonoros



CENTRAD

Galicia 2017

Ficha técnica

Producción editorial: Deputación de Lugo
Centro de Artesanía e Deseño

Presidente da Deputación de Lugo
Darío Campos Conde

Deputada de Cultura, Patrimonio histórico artístico, Artesanía e Deseño e Educación
Pilar García Porto

Autores:

M^a Ángeles López de la Calle Sampedro.

Profesora Titular da Área de Didáctica da Expresión Musical. Facultade de Formación do Profesorado do Campus de Lugo. Universidade de Santiago de Compostela

Luciano Pérez Díaz.

Mestre artesán e Técnico da Colección de Instrumentos Musicais e obxectos sonoros.

Colaboración: Estudantes do Grao en Mestre/a de Educación Primaria da Facultade de Formación do Profesorado.

Universidade de Santiago de Compostela.

Campus de Lugo.

Curso 2015-2016

Maquetación: ***PERMUD***

Revisión Lingüística: ***Xavier Rodríguez Barrio***

Imaxes: José L. P. Mudarra

Arquivo documental da colección de instrumentos musicais

M^a. Angeles López da la Calle Sampedro

I.S.B.N.: 978-84-8192-540-1

Reservados todos os dereitos

Pórtico	4
Presentación	5
Que imos a ver?	6
Que temos que saber?	8
Que temos que traballar?	18
Glosario	39
Álbum da implementación da guía	49
Bibliografía	52
Recursos na rede	53

A Deputación de Lugo por medio da Área de Cultura vén desenvolvendo un importante labor no fomento e difusión dos oficios patrimoniais, canalizado a través do Centro de Artesanía e Deseño que nace coa finalidade de apoiar e estimular as medidas necesarias para conservar, protexer e promover o sector artesanal. Situado no complexo arquitectónico *Hospital de Santa María*, conta con Obradoiros artesanís, salas para mostras temporais e destacadas exposicións permanentes entre as que se atopa, a **Colección de instrumentos musicais e obxectos sonoros** cuxo fin é o estudo, investigación, catalogación, conservación e difusión do patrimonio musical. O seu interese radica no carácter único da colección en Galicia e na circunstancia de estar ligada a un obradoiro histórico na construción e recuperación de instrumentos musicais e na formación de mestres artesanís.

A tipoloxía dos seus bens abrangue instrumentos de música, tanto do patrimonio musical galego como numerosos exemplares procedentes doutras culturas, instrumentos mecánicos, obxectos e xoguets sonoros, indumentaria tradicional e réplicas en petro de iconografía musical. Destaca a colección máis importante en Europa de réplicas de instrumentos de corda medievais dos séculos XII e XIII.

O percorrido inclúe a visita ás catro salas de exposición permanente e ao obradoiro de instrumentos musicais. A oferta complétase cun servizo de visitas coas modalidades de: guiada, técnica e activa. Tamén cun servizo de consulta e préstamo de fondos bibliográficos e documentais. Está recoñecida pola Xunta de Galicia como *colección visitable*.

Esta Guía Didáctica está pensada como material de traballo na aula, como apoio ou complemento á visita da **Colección de instrumentos musicais e obxectos sonoros** que se atopa no Centro de Artesanía e Deseño da cidade de Lugo. Está dirixida ao alumnado de Primeiro e Segundo ciclo de Educación Primaria. Elixiuse esta franxa de idade porque o concepto de exposición aparece no currículo desta etapa por primeira vez. Xorde dentro do programa formativo "Descobre a música de Galicia", deseñado pola Área de Didáctica da Expresión Musical da Facultade de Formación do Profesorado da USC e o Centro de Artesanía e Deseño de Lugo. Esta Guía Didáctica enmarcouse na fase previa á visita da devandita colección. Preténdese que este material forme parte da cultura previa coa que o alumnado chega ao Centro de Artesanía dando lugar a unha actitude e disposición máis aberta coa institución, fomentando procesos creativos e interaccións entre os coñecementos adquiridos con este recurso e unha experiencia presencial no Centro. Trátase dun recurso didáctico que pretende apoiar ao profesorado nun intento de contribuír ao proceso de ensino-aprendizaxe do patrimonio musical de Galicia en xeral e á preparación da visita á exposición en particular.

Coa intención de facilitar a tarefa tanto ao profesor de música como ao profesor xeneralista, este documento ten a intención de achegar información sobre a distribución da exposición, sobre os instrumentos e obxectos sonoros que cos que se van atopar nela, etc..., e suxerir unha serie de propostas didácticas que favorecerán unha mellor comprensión da colección instrumental por parte do alumnado e, por conseguinte, un maior desfrute da visita á exposición. O contido desta guía inclúe un primeiro apartado **Que imos ver?** no que se explica os pormenores onde se sitúa a colección de instrumentos e obxectos sonoros, un segundo titulado **Que temos que saber?** no que se dá información sobre os instrumentos presentes na colección e, por último, un bloque no que presentan as propostas didácticas baixo o encabezado de

Que temos que traballar? Esta guía é unha proposta flexible e aberta a posibles cambios que compensen as deficiencias que se observen en busca dunha mellor adaptación aos intereses do profesorado e aos do seu alumnado, de aí o formato web elixido para a súa implementación. As actividades previstas presentan diferentes graos de dificultade, polo que cada profesor pode seleccionar aquelas que considere máis acaídas en función da súa programación e/ou necesidades.

Obxectivos

Como se trata dunha colección de instrumentos que se sitúa dentro dun centro de artesanía que é utilizado polo profesorado como recurso en múltiples materias, a aplicación desta guía persegue uns obxectivos xerais:

- Valorar, tanto por parte do alumnado como das súas familias, as iniciativas dos concellos, das deputacións ou doutras institucións que pretenden conservar, divulgar e promover o patrimonio cultural de Galicia.

- Aproximar ao público escolar a "Colección de instrumentos musicais e obxectos sonoros" do Centro de Artesanía e Deseño de Lugo, aumentando o coñecemento do patrimonio musical de Galicia a través de visitas técnicas programadas especialmente para eles e da aplicación de pautas de traballo previstas nesta Guía Didáctica.

- Motivar a visita ao centro de artesanía e facela máis pracenteira. Un maior coñecemento do que se pode atopar, probablemente tradúzase nun maior desfrute da visita.

Do mesmo xeito a Guía serve para enriquecer tanto o labor docente como a relación que o alumnado poida establecer coa música en xeral e coa música de Galicia en particular. Deste xeito estarase a axudar en boa medida á consecución dos fins da Área da Educación Artística tal e como quedan expresados:

- Promover, incitar á reflexión, análise e comprensión das producións artísticas mediante o coñecemento de instrumentos musicais, agrupacións musicais así como o achegamento a conceptos propios da Linguaxe Musical.

- Coñecer, valorar e experimentar con distintos instrumentos tradicionais do mundo e moi especialmente de Galicia para contribuír á comprensión da interculturalidade.

- Ser conscientes do pasado e do presente da música tradicional galega despertando o interese pola súa correspondente memoria histórica.

- Recoñecer a importancia e valor que se lle dá á música en distintas épocas e lugares contribuíndo á comprensión da interculturalidade mediante o uso dun repertorio musical amplo e variado.

- Identificar e construír diferentes xoguets sonoros e saber apreciar e dar sentido ao traballo dun mestre/a - artesán no seu oficio de restauración de instrumentos.

QUE IMOS VER?

A colección de instrumentos á que fai referencia esta guía está constituída por fondos procedentes da antiga sección de música do Museo Provincial de Lugo, fondos de produción propia froito de diferentes proxectos de investigación, adquisicións, doazóns e depósitos de particulares. Completan a colección importantes fondos documentais e bibliográficos reunidos ao longo destes anos relacionados coa materia.

A colección está distribuída en catro salas e o obradoiro de instrumentos musicais que está integrado nas instalacións, cada unha das cales representa un episodio do patrimonio musical galego.

- A primeira sala Antón de Marcos, recrea o Obradoiro artesanal fundado no ano 1951, xunto coas ferramentas e útiles de traballo de Paulino Pérez e que empregaba para a construción de gaitas, zanfonas e freixolés, así como a longa traxectoria do obradoiro no campo da investigación e formación de artesáns e intérpretes. Destaca o modelo utilizado como prototipo para a recuperación da zanfona en Galicia por parte de Faustino Santalices e Paulino Pérez.

- A segunda sala que podemos atopar leva por título **Faustino Santalices e Paulino Pérez**, en honra aos fundadores do obradoiro. Nela apreciaremos diversos instrumentos da música tradicional galega, como poden ser: gaitas, tamborís e pandeiros, así como instrumentos doutros países (Marrocos, Tíbet, Noruega, Cuba, India, Uruguai) levados, nalgúns casos, da cultura galega aos devanditos países por causa da emigración. Rodean a sala unha sección dedicada aos instrumentos de música mecánica, os primeiros soportes codificados aparecidos no século XX, tamén atoparemos un traxe tradicional galego masculino (formado por monteira, chaleco, faixa, pantalón e polainas) confeccionado por Manuel Lagarón do grupo "Os Celiñas" e un apartado dedicado á organeiría galega. Recentemente incorporouse á sala unha vitrina na que se fai referencia a un dous agrupamentos máis relevantes da historia lucense: Cántigas e Aturuxos, protagonista das primeiras gravacións gramofónicas lucenses no ano 1918. Por último dúas campás de bronce, pertencentes á igrexa de Pígara (Guitiriz), dan o toque final.

- A terceira sala **Pórtico da Gloria**, é moi impactante. Ao entrar o que máis resalta é unha parede cuberta na súa totalidade por unha perfecta ilustración do Pórtico da Gloria que nos permite diferenciar aos anciáns e o instrumento que porta cada un deles. Xusto debaixo atópanse as réplicas que se fixeron destes instrumentos despois dun proxecto multidisciplinar de investigación. Entre eles podemos ver diferentes tipos de violas: de brazo, de perna, un organistrum ou un salterio, por exemplo.

Noutra das paredes, nunha gran vitrina, atópanse as zanfonas que son cordófonos de roda e podemos ver a súa evolución facendo un pequeno percorrido histórico, ben con réplicas ou con zanfonas antigas. Entre elas resaltan dúas reconstrucións das zanfonas que Alfonso X, O Sabio, mandara pintar non seu Códice Escorialense. Nunha pequena vitrina amósanse réplicas en miniatura do organistrum e dúas caixiñas de música cuxa forma é igual ás dúas zanfonas de Alfonso X e nas que soa unha Cantiga de Santa María. Non podemos falar dos cordófonos sen mencionar os de teclado como pianos e o clave que tamén veremos na sala. Por último, unhas réplicas de instrumentos deseñados por Leonardo Da Vinci, realizadas en Galicia, ocupan o centro da sala.

- A última sala con instrumentos que imos ver denomínase **Xelmírez**, situada no corredor que une o resto de salas, recolle un gran valor instrumental galego e doutras culturas. Na banda esquerda, atoparémonos con oito réplicas

dás Ménsulas do Pazo de Xelmírez, anexo á Catedral de Santiago de Compostela, que representan un banquete amenizado por músicos que fan soar diferentes instrumentos de corda: Arpa, Cítolas, Frautas, Organistrum, Rota e Violas de perna e brazo. Ademais, debaixo de cada unha poderemos observar os devanditos instrumentos reconstruídos en madeira. De seguido, a sala tamén conta cunha estación táctil para as persoas invidentes, cun texto en braille e réplicas en miniatura dun organistrum e unha zanfona. Na outra banda da Sala, contamos cunha sección dedicada aos músicos itinerantes, facendo mención especial a Florencio López Fernández, último cantor célebre galego. A continuación, un apartado dedicado aos aerófonos e á música relixiosa, así como aos instrumentos emparellados a distintas profesións ambulantes. Xa na última vitrina deste percorrido, poderemos observar diferentes xoguetes sonoros (asubíos, caralletes, ruxerruxe...) e unha sección na que se reúnen os idiófonos, tanto de entrechoque (castañolas, carracas,...), como os punteados, entre os que destaca unha importante colección de trompas de boca de diferentes países.

A colección complementase cun obradoiro onde se reparan e constrúen instrumentos musicais propios da cultura musical de Galicia.

QUE TEMOS QUE SABER?

1. Que se entende por música tradicional galega?

Música tradicional ou popular galega é aquela que nalgúns casos é *anónima* porque non se sabe quen foi o seu autor ou autora, *transmítese oralmente* (e actualmente tamén de xeito académico), os músicos aprendérona oíndolla tocar a outros e a outras repetíndoa de memoria. Polo tanto non existe unha primeira partitura ou gravación que mostre a versión “auténtica”, *exerce unha función social*, é dicir, utilizábase para acompañar diversas tarefas como as do campo, as celebracións, os xogos e *representa os valores e a cultura de Galicia*.

É difícil determinar a súa orixe, aínda que poderíamos remontarnos a comezos da constitución do pobo galego, pola época romana (século II a.C. – século V d.C.). Durante este período, historiadores romanos escribiron sobre o proverbial gusto que o pobo galego tiña pola danza e o canto. O historiador e xeógrafo **Estrabón** documentou as danzas que os pobos das montañas galegas executaban nas noites de lúa chea acompañadas de trompetas e frautas. As continuas migracións do pobo galego e as diferentes invasións que se produciron no noso territorio, permitiron que se introducisen influencias musicais de toda Europa, (a gaita, elemento tan característico deste folclore, data do século V coa invasión sueva).

As primeiras referencias da música tradicional galega remóntanse á música medieval. Temos os importantes cancioneros de Martín Codax (trovador do século XIII) e as Cantigas de Santa María de Afonso X, que inclúen a parte musical e que subliñan a importancia da cultura galega da época. As

2. Os protagonistas: os instrumentos

INSTRUMENTOS DE VENTO son aqueles nos que o son prodúcese pola vibración dunha columna de aire. Cando sopramos a través dunha lingüeta, un bisel ou unha boquilla, enchemos os tubos con aire que vibra, e así provocamos o son. Os tubos poden ser abertos ou pechados e canto máis curto, o son será máis agudo e, pola contra, canto máis longo resultarán sons máis graves. Neste grupo de instrumentos podemos apreciar que mentres uns son de metal outros son de madeira. Podemos distinguir instrumentos con:



Lingüetas, poden ser de cana ou metal e moi delgadas para que vibren facilmente cando lles insuflas aire. Poden ser dobres entón unha lámina bate contra a outra como non caso dos **óboes**, da **Chirimía**, **fagot** ou as **gaitas** e simple cando a lingüeta vibra libremente como o **sheng** chinés, ou **Clarinete**, **alboka** ou **Saxo** ou o **armonium**.

Bisel, caracterízanse pola maneira de producir o son ao dividirse a columna de aire producida polo sopro do instrumentista no bordo dun furado situado nun extremo do instrumento. Pode ser directamente como no caso das frautas travesseiras e chifres de afiadador ou por medio dunha canle como as frautas de pico e o freixolé.



Boquillas, adoitan ser de metal ou marfil construídos en forma de copa que vai inserida no extremo máis delgado do tubo. Na parte contraria ábrese un pavillón en forma de campá onde sae amplificado o son. As boquillas e os pavillóns teñen tamaños diferentes segundo o instrumento de que se trate. Existen instrumentos tradicionais como as Cornas nos que a boquilla se talla no mesmo instrumento.

Os **INSTRUMENTOS DE CORDA** son un dos conxuntos máis ricos e diversos nos que o son se produce ao poñer en vibración unha ou máis cordas tensadas entre dous puntos fixos. Polo xeral están feitas con tripas de animais, fibras vexetais, metálicas e mesmo sintéticas. Cando pulsamos, friccionamos ou percutimos unha corda, esta produce ondas sonoras que son amplificadas por unha caixa de resonancia e utilizan o aire como medio de propagación a unha velocidade aproximada de 300 metros/s. Para que un son sexa audible por un humano ten que ter unha frecuencia -número de vibracións por segundo- de entre 20 e 20.000 hertzios, a nota central do piano **La** vibra a 440Hz.

O **ton** que produce unha corda ben determinado pola súa densidade, a súa lonxitude e a tensión da mesma. En dúas cordas coa mesma tensión producirá sons máis graves aquela que teña maior densidade, lonxitude e menor tensión.

Podemos distinguir instrumentos:

10



Pulsados

É dicir, aqueles instrumentos nos que os sons se producen pulsando as súas cordas cos dedos, coas uñas ou coa axuda dunha púa ou plectro. As cordas discorren ao longo da caixa de resonancia como no caso das **cítaras**, **laúdes** ou **guitarras** e perpendiculares como as **arpas**.

Destacamos o contrabaixo como caso especial por se utilizar á vez como instrumento de corda friccionada con arco ou de corda pulsada cos dedos.

Mención especial merece o **clave** desta colección como documento excepcional por ser un dos doce claves españois coñecidos. É un complexo instrumento de cordas punteadas con plectro accionado por un teclado.

Friccionados

As cordas soan polo friccionamiento dun arco coma o **violín**, o **erhu** chinés ou dunha roda no caso da **zanfona** da que podemos contemplar a evolución organolóxica desde o organistrum medieval.

A mediados do século XX coa posta en marcha deste obradoiro os seus fundadores recuperaron de novo o instrumento, posteriormente, coa procura de novos modelos e a formación de artesáns e intérpretes contribuímos ao nacemento dun mercado emerxente no que numerosos mestres construtores lle están a dar unha nova proxección.

Está composta por unha caixa harmónica sobre a que se colocan 5 cordas e un teclado de 24 notas que serve para facer a melodía. O son é producido por unha roda untada en resina.



Percutidos



Son os que as cordas se poñen en vibración ao seren golpeadas por medio duns maciños xeralmente accionados por un teclado que proporciona ao intérprete a característica única de que todas as notas están á mesma distancia.

O instrumento máis coñecido é o **piano**, inventado en 1698 por Bartolomeo Cristofori foi evolucionando desde os primeiros modelos como o **clavicordio** e o **pianoforte**. A cidade de Lugo foi berce de artistas senlleiros como Xoán Montes ou Xesús Bal y Gay.

A máis antiga familia de instrumentos musicais é a que se coñece como **INSTRUMENTOS DE PERCUSIÓN**, o seu son é do máis remoto na historia da humanidade, desde os nosos propios pasos ao camiñar ou o latexo do corazón. É común a todas as culturas tanto en modelos como en materiais. Soan cando son percutidos, entrechocados, sacudidos, friccionados, rascados, etc. Os diferentes modos de execución e de producir son, dan lugar á clasificación organolóxica deste grupo de instrumentos.

Membranófonos

O son é producido ao poñer en vibración unha membrana.

Os instrumentos de percusión xogan un papel fundamental na música tradicional galega acompañando sobre todo á gaita e ás danzas, e mesmo como instrumentos solistas en determinados cantos e bailes como a pandeirada. Os máis empregados son o **pandeiro**, a **pandeireta**, o **bombo**, e o **tamboril**.



Idiófonos

Os idiófonos son instrumentos capaces de producir un son ao golpear, puntear, raspar ou soprar directa ou indirectamente sobre o material en que están construídos. Poden ser de entrechoque coma o **reque-reque**, a **tala**, as **terrañolas** e as **castañolas**, e punteados co dedo como a **trompa** de boca.



Outro pode ser a **ilimba**, un instrumento da tribo wagogo gogo de Tanzania que se compón dun número variable de láminas de metal que van amarradas a unha caixa de resonancia. O son prodúcese ao puntear os extremos libres cos polgares e índices.



INSTRUMENTOS MECÁNICOS

son un novo apartado relacionado con aqueles instrumentos musicais que non precisan da intervención directa dun músico para facelos soar, son aparellos multinstrumentistas de músicos invisibles.

Desde os tempos máis remotos o ser humano construíu artefactos musicais movidos pola forza da auga ou do vento e máis tarde por un manubrio ou uns resortes que movían diferentes engraxes para accionar determinados instrumentos musicais como: piano, violín, frautas ou tambores. E caixas de música con cilindro, discos de metal, cartón e papel perforados fabricados por Regina, Smphoniom, Ariston e Mignon.

Galicia non tivo unha tradición consolidada na creación de instrumentos de música mecánica, agás comercios como “Establecimientos Moya” ou o “Gran almacén de música, pianos e instrumentos de Canuto Vereá y compañía” (fundada en 1854) na Coruña.



XOGUETES SONOROS



ou enredos son xoguetes populares e tradicionais que transformaron parte da nosa cultura, xorden no tempo de lecer e son froito do esforzo e enxeño dos rapaces. Cumpren múltiples funcións, destacando o apoio na educación infantil ao desenvolver a creatividade e habilidade manuais. Esta riqueza lúdica de patrimonio inmaterial temos que protexela e difundila aínda fronte a gran competencia que supoñen os enredos electrónicos.

Xa o rei Afonso X, O Sabio, no século XIII recompilou o primeiro libro de xogos en Europa o que demostra a importancia destes nas relacións sociais desde a antigüidade.

Na colección podemos contemplar exemplos de diversas partes do mundo como Brasil, China, Noruega, Portugal, Romanía, Rusia, Eslovaquia e numerosos lugares de España construídos tan só cunha navalla e cos materiais do entorno (basicamente de orixe vexetal): **reclamos de caza, asubíos, frautas.....**

3. Os Persoeiros

Antón de Marcos

O filántropo Galego Antonio Fernández López, máis coñecido como Antón de Marcos, converte na primeira metade do século pasado o casal labrego de Barreiros, preto de Sarria, nun complexo composto por unha granxa e unha escola que ensaiaría un novo estilo de ensino organizado no discorrer da vida cotiá e onde propiciou



cursiños gratuítos para rapaces e mestres a través dun amplísimo programa educativo que incluía o canto e o baile, ademais convocaba un concurso anual para a recollida de material folclórico obsequiando con gaitas, bombos e pandeiretas. En xuño de 1948 **Avelino Pousa Antelo**, mestre do colexio de Barreiros, prepara unha sorpresa ao creador da escola e require a Paulino Pérez para que toque a gaita na presentación do grupo de baile. Antonio Fernández, emocionado exclama: Terra!, e inmediatamente encárgalle a Paulino dúas gaitas, tambor e bombo para uso dos escolares. Pouco despois catro rapaces forman o grupo **Argalleiros de Barreiros**.

Da súa xestión coa Deputación de Lugo, Paulino Pérez e Faustino Santalices nace no ano 1951 o primeiro **Obradoiro - Escola de Instrumentos Musicais** de Galicia.

Faustino Santalices



Artesán, investigador e divulgador. Foi alumno con 14 anos do afamado **gaiteiro de Penalta** no ano 1891. Xa na súa época de estudos de Dereito en Santiago, traballaba no torno na súa casa, en Bande, teimando na construción da gaita galega da que foi un innovador. A modo de exemplo, engadiu unha chave nalgúns punteiros para dar outra nota sobreaguda e sempre na procura de solucións técnicas ás demandas dos gaiteiros.

Desde que en 1898 mercara a súa primeira zanfona ata a que lle regalaron no 1943, foi con esta coa que desenvolveu un intenso labor na procura do seu gran soño vocacional, así como pronunciando conferencias, dando concertos e levando a cabo múltiples actividades para reivindicar a música popular e tradicional galega.

Esa teima que naquel tempo tan pouca resposta acadaba, remata harmonizada por fin coa de Antón de Marcos e en 1953 realiza a gravación do disco **La zanfona**.

Santalices amósase como un dos piares do noso concepto actual de música tradicional galega, xunto con **Perfecto Feijoo** e os **gaiteiros de Soutelo de Montes**.

Durante uns dez anos foi asesor na posta en marcha do Obradoiro – Escola de Instrumentos Musicais Galegos, motivo este que lle obrigaba a viaxar periodicamente a Lugo desde Madrid. A complementariedade de Faustino e

Paulino nos seus ámbitos de traballo marcan unha constante ata 1960 –ano do falecemento de Faustino-. O labor de ámbolos dous resultou determinante para a recuperación da zanfona en Galicia así como tamén a da gaita.

Paulino Pérez



Natural de Sarria, comeza aos 10 anos a súa andaina musical tocando o bombo no Cuarteto de Vilei e posteriormente a gaita construída por el mesmo xunto a bombos e tambores no obradoiro da súa casa de Barbadelo. Arredor do ano 1950 coñece a Faustino Santalices e este ao admirar o seu traballo díxolle: “Es o home que ando buscando”. A partir de entón, e xa desde o Obradoiro da Deputación, seguiría as súas técnicas na construción de gaitas. No 1954 recibe unha bolsa de estudos por D. Antonio, motivo polo que viaxa a Madrid en máis

dunha ocasión co obxecto de perfeccionar as técnicas de construción de guitarras cos mestres **Fernando Soler** e **Andrés Martínez**. É moi probable que nesta estadía aprendera da man de Santalices, que vivía en Madrid, a tocar a zanfona. A partir dese momento dedicou o resto da súa vida a construír gaitas, zanfonas e freixolés, instrumentos sinxelos en madeira de buxo e ata os máis elaborados en pau santo e con incrustacións de marfil. A curiosidade por mellorar e un afán por perfeccionarse fixeron del un dos mellores no seu oficio e desde logo o de máis sona, como así o acreditan o número de encargos recibidos e a consecución de numerosísimos premios. A elaborada técnica na realización destes, cuns acabados a base de pedra pómez e gomalaca fan que os seus instrumentos sexan hoxe obxectos de desexo por parte de coleccionistas e museos.

Antón Corral

Comezou o camiño de artesanía fundamentado na súa etapa como oboísta na banda de infantaría de Santiago de Compostela onde aprendera a construír palletas e o que observara nas gaitas que pasaran polas súas mans como as de **Basilio Carril**, **Paulino Pérez** e **Amadeo Goyanes**, igualmente do polifacético gaiteiro e artesán **Xosé Seivane Ribas**. Neses inicios de 1970 era profesor de gaita en **Cantigas e Frores** onde coñeceu a **Sito Carracedo**. Posteriormente entra no obradoiro da Deputación no ano 1975 no que desenvolve o proxecto Septimino de gaitas con Rogelio Leonardo de Bouza que sentou as bases para o

desenvolvemento de toda a gama tonal que existe hoxe en día na gaita, ata a chegada do punteiro afinable. En 1978 trasládase a Ortigueira, e logo á cooperativa Soutelo de Montes en Lugo e finalmente á **Escola de Artes e Oficios de Vigo** onde creou un grupo didáctico musical co obxectivo de divulgar os instrumentos musicais populares galegos e paralelamente a banda de gaitas Xabaral.

Xesús Pérez

Os primeiros contactos coa música e os instrumentos veñen da súa nenez ao carón de seu pai Paulino e máis tarde, xa no obradoiro da Deputación Lucense ao que se incorpora de xeito definitivo no ano 1975. De formación autodidacta, cursa estudos no conservatorio de Lugo e zanfona con **Xosé Luís Rivas Cruz**. Desenvolveu un intenso labor na formación de futuros artesáns, así como de traballo con colectivos de discapacitados, con colexios de educación especial e persoas interesadas de diferentes lugares como, **Manuel Brañas Méndez** –director do Obradoiro de instrumentos populares da Deputación de Ourense- e **Francisco Luengo Fernández** co que se levou a cabo a primeira reconstrución do organistrum do Pórtico da Gloria no ano 1980 -Violagambista e construtor de instrumentos-. Realizou escariadores para baleirar o interior do punteiro da gaita. Tamén ideou a máquina para curvar a madeira que se utiliza no bombo e tamboril que permitía regular a intensidade da calor e o tamaño da circunferencia, mesmo un sistema desmontable para a roda da zanfona que evitaba abrir a caixa de resonancia para acceder a esta.

Luciano Pérez

As trece anos alterna os seus estudos coa aprendizaxe da construción de instrumentos musicais a carón do seu avó Paulino Pérez. Sen abandonar esta actividade estuda no conservatorio de Lugo e cos profesores Antón Corral, **Christian Rault** e **Claude Flagel**. As súas inquiredanzas involúcrano en distintas actividades musicais con: **Miro Casavella**, o grupo **Doa**, ou **Carlos Núñez**, foi director do grupo de gaitas de **Cantigas e Frores** e da escola de Gaitas e Zanfonas da Deputación de Lugo. No ano 1994 crea xunto co poeta **Xavier Rodríguez Barrio** a montaxe poética-musical "*O son da poesía*", un proxecto pioneiro co que deron numerosos recitais dentro e fóra de Galicia, recitando textos de poetas galegos clásicos e contemporáneos co acompañamento musical da zanfona.

Dirixe a liña de traballo do Obradoiro da Deputación de Lugo ata o ano 2008 no que desenvolve unha intensa actividade investigadora: *A música nas nosas catedrais* destinado a recuperar instrumentos como a **Chirimía**, **Óboe Barroco** e o catálogo de **Órganos** da Provincia de Lugo co organeiro **Federico Acitores** e **Jorge Méndez**, *La música en las Cantigas de Alfonso X* con **Antoni Rossell**,

Especialización de la música en vivo Zanfona-MidiClocks xunto a **Javier Arias Bal**, *Recuperación da gaita Sanabresa* con **Alberto Jambrina** e **Julio Prada** ou multidisciplinares como: *Investigación e reconstrución de instrumentos de corda medievais*, s. XII-XIII e o estudo e reconstrución de sete instrumentos musicais, segundo os debuxos e notas de **Leonardo Da Vinci** xunto a un equipo internacional de investigadores reunido por Villamonte editores. É de destacar os cursos impartidos tanto a profesores como alumnos arredor dos xoguetes sonoros.

Na actualidade dirixe a **Colección de instrumentos musicais e obxectos sonoros**.

Enrique Candal

Comeza a súa prolífica vida musical na banda de música do seu pobo de Astaríz en Outeiro de Rei. No 1940 entra como oboísta e requinto na **Banda Municipal de Lugo** ata a súa xubilación, compaxinando coa de saxofonista dunha orquestra local, dirección da banda municipal de Palas de Rei 1985-1993 e coa de gaiteiro no mítico grupo **Os Montes** e **Os Enxebres** de Lugo. Destaca a súa sensibilidade na formación de músicos, posta en práctica en diversas asociacións da provincia de Lugo e na **escola de gaitas e zanfonas da Deputación de Lugo** entre os anos 1983-1995, experiencia referencial en Galicia no emprego do solfexo como ferramenta de aprendizaxe e culminando o programa formativo na constitución dunha Banda de gaitas da que foi director.

Transcribiu máis de mil obras para gaita que serviron para todos os gaiteiros da época que quixeran ampliar o seu repertorio. A súa experiencia formaba parte das sinerxías entre músicos e artesáns na mellora dos instrumentos musicais.

Antonio Franco

Inicia a súa carreira no Obradoiro-Escola de instrumentos musicais da Deputación Lucense no ano 1986 no marco dun convenio de colaboración co Instituto Nacional de Emprego, un curso de tres anos cun amplo programa educativo que permitiu a participación de profesores internacionais, e nos proxectos propios do obradoiro, como o Simposium e reconstrución dos instrumentos do Pórtico da Gloria levado a cabo pola **Fundación Pedro Barrié de la Maza**, ao que acode xunto a **Xermán Arias**, **Carlos Galván** e **Mar Castro**. No seo do obradoiro constrúe e participa na produción de zanfonas, gaitas e instrumentos de percusión, ten unha colaboración activa nos proxectos desenvolvidos desde o obradoiro tanto de construción como na formación de artesáns. Recibe formación de luthiers como **Carlos González**. Imparte cursos sobre instrumentos tradicionais, medievais e da familia do violín. Desde o ano 2008 dirixe o Obradoiro de Instrumentos Musicais da Deputación de Lugo.

QUE TEMOS QUE TRABALLAR?

CONTIDOS

O Decreto 130/2007, do 28 de xuño, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Tendo en conta este Decreto, a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria senta as bases para que o profesorado galego deste nivel educativo poida acometer a concreción das intencións do currículo oficial, elaborando os proxectos curriculares do centro, as programacións de aula e as adaptacións curriculares apropiadas para o tratamento da diversidade. A música intégrase neste documento, xunto coa Plástica, na área de Educación Artística.

Se atendemos á proposta curricular para a música na educación primaria da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, indícase que o progreso en música debe involucrar aos nenos coa música e concreta desde que medios facelo:

O progreso en Música permitiralles ás nenas e aos nenos participar en actividades musicais, expresarse a través dunha linguaxe artística, escoitar, comprender, valorar gozar coa música. Tanto a produción como a expresión realizaránse a través de tres medios: a voz e ou canto, os instrumentos musicais e o movemento e a danza... Trátase, polo tanto, de ir formando progresivamente ou alumnado na escoita activa e na produción con expresividade e creatividade, así como no emprego cada vez máis preciso da linguaxe musical. 2008:284

Comprobamos pois como as indicacións oficiais indican claramente que a aprendizaxe da linguaxe musical do mesmo xeito que a aprendizaxe doutras linguaxes específicas debe adquirirse e mostrarse a través da vía procedemental onde o principio de actividade debe estar presente en todo o proceso. A partir destas bases xa podemos desenvolver e traballar o propio e característico da música tradicional de Galicia desde o uso da voz cantada e os instrumentos musicais e a danza, contribuíndo así a conseguir a súa aprendizaxe.

O documento que recolle as orientacións metodolóxicas para este área de Educación Artística que propón a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia aclara aos profesores que a música tradicional de Galicia érxese como ensino de réxime xeral con características, identidade e idiosincrasia propia sinalando a súa importancia e tratamento do seguinte modo:

A produción artística forma parte do patrimonio cultural dun pobo e a educación artística debe contribuír ao acceso a ese patrimonio, ao seu aprecio, ao coñecemento da diferenza entre culturas do presente e ao longo do tempo, entendéndooas no seu contexto, xa que a representación artística ten un significado dependente do momento histórico, social e cultural. 2008: 28.

Na educación artística requírese o uso de recursos múltiples e variados. Mención especial merecen aqueles recursos directamente relacionados coa cultura galega: obras pictóricas, diferentes tipos de artesanía tradicional galega (cestería, encaixe, olaría...) e oficios relacionados con ela (luthiers, cantareiras e cantareiros, tecedoras e tecedores, bordadores e bordadoras...), artistas galegas e galegos, cantigas tradicionais referidas e festas, tarefas...(cantigas de berce, cantos de reis, esfoladas, cantigas mariñeiras, alalás...). Na utilización destes recursos cómpre partir do ámbito sociocultural do alumnado traballando o que pode oír e ver non seu contorno para ir abrindo posibilidades a outras realidades galegas actuais ou pasadas.
2008:288

O documento deixa moi claros os principios que todos os centros educativos deben seguir para asegurar que os alumnos teñan a posibilidade de levar con éxito a súa aprendizaxe.

Pensando na visita á Colección de Instrumentos o noso traballo en clase debe concentrarse especialmente no *coñecemento, destreza e comprensión instrumental*. É dicir, controlando os sons a través dos instrumentos con ou sen ton, aos alumnos deberíaselles dar a oportunidade de coñecer e/ou tocar, (xa sexa de forma moi elemental e de forma axeitada a cada idade) os instrumentos máis importantes da nosa tradición: a gaita galega, o bombo, o tamboril, o pandeiro, a pandeireta, as cunchas ou vieiras e a zanfona. Poderían acompañar o son dos instrumentos coas súas voces e cantos. Tamén se lles debería proporcionar a oportunidade de que ensaien e interpreten xunto con outros nenos estes instrumentos e escoiten música interpretada por estes instrumentos con atención. Así mesmo terían que coñecer as agrupacións instrumentais xurdidas en diferentes épocas ou os diferentes instrumentos que se ían engadindo á formación tradicional.

Tamén poderase traballar *coñecemento, destreza e comprensión vocal e de canto*. Explorando e organizando sons e ideas musicais a través da voz e do canto aos alumnos deberíaselles ensinar para que usen as súas voces de forma expresiva mediante o canto de cancións tradicionais propias como Panxoliñas, Alalás, Cantos de berce ou Romances. Que saiban cantar de memoria unha variedade de cancións e rimas e que logren crear patróns musicais de acompañamento de forma apropiada.

E por último, poder *traballar coñecemento, destreza e comprensión de movemento e danza*, respondendo co corpo a diferentes tipos de rítmicas deberíase axudar aos nenos a que entendesen a diferenza entre a Muiñeira, o ritmo máis popular e característico, escrito en compás de 6/8, o Pasodobre en compás de 2/4, a xota galega, escrita normalmente en 3/4 ou outros ritmos característicos como a Pandeirada, Alborada, Foliada ou as Treboadas. Tamén se lles debería de ensinar para que entendan como a música está influenciada polo

tempo e polo lugar e como se pode ver afectada polo tipo de recinto, ocasión e propósito. Tratar de que ensaien os seus bailes mediante o traballo individual ou en grupos de diferentes tamaños e propiciando que revisen, mediante o uso das TIC, as diferentes variantes de bailes e danzas que se encontran segundo a zona xeográfica de Galicia. E, por último, algo moi importante que consiste en incentivar con esmero o feito de que coñezan o seu patrimonio musical tanto en gravacións e como en directo.

ACTIVIDADES

As actividades que se propoñen a continuación non levan consigo unha secuencia definida; quere isto dicir que están deseñadas para ser desenvolvidas en calquera momento do proceso educativo. Poden servir de presentación dos temas e, polo tanto desenvolvidas antes de acudir á visita. Pero tamén sería acaído que se poidan traballar con posterioridade, ben como confirmación, como reforzo ou mesmo como avaliación.

1. Traxéate para ir á festa!

Necesitaremos bonecos/as de papel, distintas imaxes de traxes para vestilos/as que sexan de distintas zonas de Galicia e, no caso de ser posible, un traxe tradicional real e tarxetiñas de cartolina ou de papel cos nomes de cada parte do traxe e dos lugares que imos traballar.

Para ir á festa hai que prepararse! E como se vestirían antigamente? Pois imos investigalo! No caso de ser posible, levaríamos un traxe tradicional real. En caso de non poder facer isto, levaríamos un boneco e unha boneca de papel para vestilos, simulando o xogo das mariquiñas. Deste xeito, poderíamos presentar as diferentes partes das que se compoñen. Para isto, entregaríámoslles distintas tarxetas co nome de cada parte, de xeito que o alumnado relacionase o nome con cada parte correspondente do traxe.

Por outra banda, investigaríamos sobre os distintos tipos de traxes tradicionais en relación ás distintas zonas de Galicia. Dariámoslles un boneco e unha boneca con distintos traxes para que os vestisen e unhas tarxetiñas cos distintos lugares aos que pertence cada un deles. Finalmente pediremos un voluntario/a para vestilo/a, no caso de que dispoñamos dun traxe.

2. Que instrumento son eu?

En primeiro lugar expóranse instrumentos populares galegos, na medida en que sexa posible, como: pandeireta, pandeiro, gaita, arpa, zanfona, clarinete, e outros., etiquetados co seu nome para que o alumnado poida observalos.

Taparémolos os ollos aos nenos e nenas e a continuación emitiranse sons dos distintos instrumentos e no caso de que non sexa posible unha audición en directo poderase recorrer a audios ou gravacións atopados na rede. Os ditos sons terán que ser recoñecidos e identificados por parte do auditorio.

3. E...veña festa!

Botaremos man dos diversos instrumentos escolares e deixaremos que experimenten con eles creando diferentes ritmos e sons, valorando desta maneira, o patrimonio instrumental galego. Unha vez que anunciemos ir a unha festa , que xa sabemos como se vestían para ir ás festas (coa actividade "Traxéate!") e que xa coñecemos os instrumentos que poderíamos atopar nelas, toca ir de festa!.

4. Os nosos antepasados tamén xogaban pero... a que?

Esta actividade vai destinada a que o alumnado coñeza algúns dos xoguetes sonoros cos que se divertían e gozaban os nenos e nenas de hai anos, moi lonxe dos que eles/elas están acostumados a xogar. No tempo de lecer e, froito do esforzo e enxeño dos rapaces, xurdiron os enredos sonoros. Moitos serviron como iniciación integral no mundo da música ao seren considerados "prototipos" de instrumentos musicais. Recoñezamos pois o valor cultural deste patrimonio lúdico como medio pedagóxico fronte ao influxo da modernidade con movementos unicamente mecánicos dos programas establecidos pola electrónica.

Botando man das nosas funcións educativas conseguiremos espertar e desenvolver as facultades humanas a través das propias vivencias, potenciando a habilidade manual e a súa creatividade ao tempo que adquiren afección polo traballo artesanal. Competencias que se traballan: social, cidadá, cultural e histórico-artística, de iniciativa, autonomía persoal, e aprender a aprender.

Nunha primeira parte se expoñerán a selección de materiais e útiles de traballo, a dispoñibilidade e coñecemento dos mesmos, o coñecemento da ferramenta axeitada ás aulas e aspectos de destreza manual. O alumnado expoñerá as súas ideas previas sobre o tema, e calquera aspecto suxerido polo grupo.

Unha segunda na que se poñerán mans á obra e construírán xoguetes sonoros e finalmente a formación dunha pequena orquestra con todos eles.

Sería de interese realizar as seguintes preguntas co fin de acadar o que saben os nenos e nenas sobre o tema a tratar:

-Os nenos e nenas de hai moitos anos tamén xogaban?... A que?,
Con que?.

- Sabiades que eles/elas eran os/as que facían os seus propios xoguetes con materiais e outros obxectos que tiñan na casa ou arredores?

- Ocorríasevos algún que puideran facer?

- Con que os fariades vós?

Para comezar o obradoiro de xoguetes sonoros, mesturaremos os materiais que se van empregar para a súa construción e poñerémolos enriba dunha mesa de maneira que todo o alumnado os poida ver e tocar, experimentando e facendo fincapé nas características de cada un. Unha vez que xa coñecen os materiais cos que van traballar, darase comezo á elaboración a partir destes, de modo que nun primeiro momento cada alumno e alumna se dedique exclusivamente á produción dun só instrumento, contemplando a posibilidade de traballo en equipo.

A continuación propoñemos algúns exemplos que son representativos das diferentes familias instrumentais:

ASUBÍOS

Materiais: Abelás ou oso de albaricoque, papel de lixa e clips.



Asubío, Txulubita ou Piskac son algúns dos nomes cos que se coñece en Europa e este aerófono. Forman un pequeno grupo de instrumentos de vento, de moi diversas formas e materiais, que se caracterizan por producir un son agudo e penetrante. En xeral tan só proporciona unha nota aínda que en certos casos se pode obter unha gama algo máis ampla modulando a intensidade do sopro. Este instrumento é un bo exemplo para poñer en valor a natureza como fonte de todos os materiais empregados na construción de instrumentos musicais, vexetais na súa maioría, algunha veces animais e en menor medida de orixe mineral.



Para a súa elaboración, lixamos unha abelá pola parte contraria á zona máis chá, ata que descubra un pequeniño oco no que xa se visualice o froito. A través del, e utilizando un clip aberto iremos extraendo a polpa do interior ata que quede totalmente baleiro. Xa temos o asubío disposto para ser empregado!.

Modo de emprego: Colocar o asubío sobre o labio inferior co furado cara a arriba e soprar, buscando a posición adecuada para que se produza o son.

TARANQUEXO

Materiais: Noces, paus pequenos de xeadro e fío ou goma.

Ferramentas: Lima de media cana



Prepelicka en Slovaquia, **Carajillo** en Castela, **Kaskamelan** no País Vasco e **Rec-rec** en Cataluña son os parentes deste pequeno idiófono.

A construción do taranquexo comeza por separar as dúas metades dunha noz e baleirando o seu froito. Tras limpar ben unha das metades rebáixase polo extremo menos afiado para permitir o balanceo da taboíña percutora. A continuación, na parte central da

noz e de maneira transversal á franxa lonxitudinal, facemos unha pequena incisión nos bordos coa lima para que sirvan para anoar con catro voltas un fío forte ou goma, colocaremos a taboíña lonxitudinalmente adaptándoo ao oco que fixemos na noz e deixando que exceda os límites desta. Para deixalo ben suxeito, dámoslle ao fío outras dúas voltas de modo que o pau quede no medio con dúas capas de fío, polo menos, a cada lado. Xa podemos gozar desta marabilla de xoguete sonoro! .

Modo de emprego: Premer no pau polo extremo máis próximo ao oco que lle fixemos á noz, ao ritmo e velocidade desexada e de maneira que, no outro extremo, tome contacto coa noz cada vez que deixemos de facer presión neste.

CANIÑA

Materiais: Anacos de canas, 7 cm. de cinta de algodón e cola.

Ferramentas: Lima de media cana, rotuladores permanentes.

Se queremos elaborar unha caniña, o primeiro que temos que facer é partir un anaco de cana á metade, de maneira vertical e buscando que queden dúas partes máis ou menos iguais. Para que as zonas do corte queden o máis lisas posibles, lixámolos sobre unha lixa apoiada nunha mesa. A continuación, podemos decorar as canas do mesmo xeito que no mirlitón e uniremos unha das zonas de corte de ambas as dúas partes da cana pegándolles unha cinta americana ou rebaixando a casca para



descubrir o poro e encolar un anaco de cinta que cubra a citada unión dun extremo ao outro para que sirva de punto fixo ao movemento. Xa temos as nosas caniñas!.

Modo de emprego: Coller o instrumento suxeitando unha das metades cunha man e coa outra mover os dedos tocando a outra metade libre, de forma que tomen contacto entre elas e produza sons ao estilo dunha castañola con distintos ritmos e velocidades en función do gusto do músico.


MIRLITÓN

Materiais: anacos de canas, bolsas de plástico e gomas, papel de lixa e lima de media cana.

Ferramentas: Lima de media cana, rotuladores permanentes.



Para construír este membranófono necesitamos un pequeno tubo cilíndrico de cana ou outro material de uns 15 cm. de longo. Comezaremos por alisar cun papel de lixa, colocado sobre unha superficie plana, os extremos da cana para que asente ben a membrana. Preto dun extremo e axudados dunha lima de media cana, hai que facer un burato que non atravesese dun lado a outro da mesma.



Debido á natureza da cana, a súa pel é pouco porosa e non se pode colorear, por iso se lle facemos algúns rebaixes ou pequenas incisións cos diferentes ángulos da lima conseguiremos motivos xeométricos que logo podemos colorear, personalizando así cada un o seu.

A continuación, do extremo que está máis preto do burato, poñeremos unha membrana de plástico (bolsas de lixo, por exemplo) e atarémolo cunha goma para que non se mova. Xa temos fabricado o noso mirlitón.

Modo de emprego: Achegar os labios ao burato e tararear calquera melodía, a membrana vibra e enriquece o noso cantar, agora só queda gozar dos seus sons!

TONOMÉTRICO

Materiais: Un listón de madeira de 440 de longo x 50 de ancho x 18 cm. un cravo pequeno cravafácil a modo de cordal, 2ª corda de guitarra, plástico ríxido tipo encadernación para plectro 50 x 50 x 0,2.



Variñas de madeira de sección cilíndrica: unha de 90 x 10 para caravilla e dous círculos de 0,4 x 20 para facer de cabeza de agarre, dúas de 20 mm. de longo x 0,3 de gordo para pontes fixas, unha de 50 x 0,8 para ponte móbil e cera para o acabado.

Ferramenta: Broca de 9,75 mm., martelo, tesoir, cola branca, segueta, lima de media cana, lixa de gran medio e pincel.

Instrumento ideado por Luciano Pérez ao estilo do monocordio de Pitágoras para o proxecto *Maletíns didácticos* posto en práctica polo CENTRAD no ano 2003.



Secuencia: Pola parte máis estreita do corpo e a 17 mm. de distancia dun extremo, facer un furado coa broca de 9,75 de lado a lado –para caravilla - un 2º furado que se cruza perpendicularmente co anterior máis preto dun dos lados, non centrado. Logo debuxar unha liña de maneira que incorpore o furado que acabamos de facer, así recortaremos coa serra de marquetería un bocado para ver o paso da caravilla e poder colocar a corda para tensar e afinala. Recomendamos o pelo da serra en espiral que permite cortar en todas as direccións. Limar para alisar e lixar.

Para a caravilla facer un corte central lonxitudinal ata 50 mm. do longo total así conseguiremos unha pequena conicidade para que funcione correctamente, limar o extremo restante en forma de cuña, lixar e encolar os círculos que servirán de agarradeira.

Para pontes fixas alisar lonxitudinalmente os anacos de 20 mm. x 0,3 mm., para conseguir un pequeno asento, encoralos nos extremos do instrumento aliñados entre si e co acceso á caravilla.

Para ponte móbil alisar lonxitudinalmente a sección de 50 x 0,8 para que se desprace facilmente polo corpo do tonométrico e conseguir así a melodía desexada.

Con este instrumento pódense conseguir ata dúas oitavas, comezaremos por medir a distancia entre as pontes fixas que se corresponde coa nota FA e iremos dividindo polo número harmónico 1.0595, a cada resultado a distancia do seguinte semi-ton. P.e. 400 nota FA : 1.0595 = 377,5 que nos daría a nota de FA# como o que queremos é a nota SOL volvemos dividir este resultado e nos dará 356,3; neste punto debuxaremos unha liña transversal e ao seu lado o nome da


nota SOL igualmente nos extremos da liña facemos unha incisión coa lima para que ao paso dos dedos que suxeitan a ponte móbil se perciba a posición da nota, isto favorecerá ás persoas con discapacidade visual.



A decoración admite a creatividade de cada alumno e se a caso unha pequena man de cera, aplicada con pincel e con un trapo calquera friccionar para sacar algo de brillo.

Finalmente un pequeno cravo con cabeza de plástico fará de amarre da corda no extremo oposto ao caravilleiro. O plectro para poñer en vibración a corda conséguese recortando un plástico ríxido coa forma desexada.

26



Para conseguir unha melodía desprazamos polo corpo do instrumento a ponte móbil buscando as notas na escala marcada.

Para dar por finalizada a actividade dos xoguetes sonoros, o alumnado co instrumento ou instrumentos que construíu, formará parte dunha orquestra co resto de compañeiros e compañeiras. Primeiro, o mestre ou mestra poderá escoller unha ou varias estruturas rítmicas, de menor ou maior dificultade, as

cales mostrará ao alumnado a través de sons co seu propio corpo (palmadas, golpes cos pés...) ou con algún instrumento (pandeiro, bombo...) e os nenos e nenas deberán reproducilas cos seus xoguetes sonoros.

A continuación, será o propio alumnado no seu conxunto ou divididos en grupos máis reducidos, os que inventen unha estrutura rítmica e unha breve canción sobre o aprendido nesta actividade. Por exemplo: *"Os nosos avós xogaban, xogaban os nosos avós, con xoguetes que eles facían, ao ritmo deste son"*. Para facilitarlles a actividade, pódese dar a idea de que se baseen no ritmo dunha canción popular galega (por exemplo: *A Carolina, O galo Canta e Pousa, pousa*) e, a partir dela, inventen unha estrofa.

5. Os instrumentos e as profesións... teñen relación?

A presente actividade fórmase co obxectivo de dar a coñecer os instrumentos musicais que xurdiron a raíz das profesións dos nosos antepasados. O alumnado terá que resolver as seguintes adiviñanzas nas cales se asociará a profesión ao

Adiviña que tipo de artesán é o que constrúe as trompas de boca.

Pista: todo o que necesita é algo onde quentar o metal, algo onde forxalo e algo con que golpealo.

Resposta: Artesán Ferreiro

Os ebanistas e os bailaríns decantáronse por un instrumento de percusión formado por dúas cunchas de madeira.

Pista: O nome do instrumento pódolo atopar dentro dun ourizo.

Resposta: Castañas

O artesán palleteiro constrúe un accesorio que lle dá nome ao seu oficio.

Pista: forma parte do punteiro da gaita galega e non é a buxa.

Resposta: Palletas

Utilizado desde fai miles de anos foi evolucionando ata a súa electrificación, un gran avance supuxo a superación do xiro de vaivén por un xiro continuo que permite manexar, máis eficazmente, as ferramentas de torneado coas dúas mans.

Pista: É a única ferramenta-máquina coa que contaba o artesán

Resposta: Torno

Os afiadores e capadores prefiren usar un instrumento que se escoite ao lonxe.

Pista: Afiadooooooooo e paraugueirooooooooo! seguido dunha pequena escala melódica. Os profesionais de hoxe empregan unha gravación que se escoita a través dos altosfalantes do coche, para que o público perciba a súa presenza.

Resposta: Chifre

27

tipo de instrumento que se creou en torno á mesma.

6. Diferentes culturas ao son dos mesmos instrumentos?

Nesta actividade imos coñecer os idiófonos de tipo punteado e entrechocado. Comezaremos cos de tipo punteado, vendo as seguintes imaxes:





28

Unha vez vistas as imaxes, podemos realizar as seguintes preguntas para coñecer as ideas previas do alumnado: Sabedes o que significa idiófono?. Coñecedes os instrumentos das imaxes?. Podedes imaxinar como se tocará?. Teñen diferentes feitureas, aínda que todos están formados polos mesmos elementos. A que credes que se debe iso?.

Desta maneira, queremos chegar a falar do termo *idiófono* e do seu significado, que quere dicir "son propio". Este grupo engloba todos os instrumentos capaces de producir son ou ruído ao golpear, puntear, raspar ou soprar, tanto directa como indirectamente sobre o material no que están construídos. De seguido, a intención é que recoñezan as trompas de boca (vistas nas imaxes) e como se tocan, xa que son os instrumentos máis representativos dentro dos idiófonos punteados.

Ademais pretendemos que se decaten de que as trompas de boca das imaxes son de diferentes lugares do mundo, pero que todas se asemellan e están formadas polos mesmos elementos, o único que varía é o nome que se lles asigna. Desta maneira, poderán reflexionar sobre a importancia que tivo e segue a ter a música en todas as culturas. Tamén falaremos dos idiófonos de entrechoque.

O primeiro que faremos será mostrarlles varias castañolas e levar a cabo un coloquio en torno ás seguintes preguntas: Que son?. Como pensades que se tocan?. Sabiades quen as utilizaba?. Na actualidade, séguense a utilizar?.

Desta maneira, falaremos das castañolas como un instrumento representativo dentro dos idiófonos de entrechoque, aínda que tamén podemos nomear algún outro como as tarrañolas, que son moi semellantes. Ademais, faremos referencia

á forte vinculación deste instrumento coa danza, utilizadas normalmente polos bailaríns como acompañamento dos seus bailes. Para traballar sobre este instrumento, poderémoslles facilitar varias castañolas para que as proben e experimenten co seu son. Así mesmo, pódese complementar a actividade con algún vídeo de grupos de baile tradicional galego.


Violas de brazo



7. Un percorrido polo Pazo de Xelmírez – Quebracabezas das Ménsulas.

Na colección de instrumentos musicais da Deputación de Lugo atopámonos cunhas réplicas das mesmas, elaboradas con granito moído, cemento e resinas. Para traballar coas Ménsulas é necesario darlle ao alumnado unha breve información sobre o Pazo de Xelmírez (1253-1266), o cal se sitúa en Santiago de Compostela, anexo á Catedral.

Rota



Se nos preguntamos que están a representar as Ménsulas a resposta sería que son escenas dun banquete e personaxes que portan instrumentos musicais afinando para o concerto. Os ditos instrumentos son todos de corda, exceptuando unha frauta. Polo tanto, a primeira actividade que imos facer para dar a coñecer as Ménsulas do Pazo de Xelmírez serán uns quebracabezas das mesmas. Os nenos e nenas deberán construílos para así poder observar os instrumentos que posúen cada unha delas. Ademais, segundo as idades do alumando pode aumentar ou diminuír a dificultade dos *puzzles*.

Citola



Unha vez feito isto, unha segunda actividade sería mostrarlle os instrumentos de tamaño real feitos con madeira, como os que podemos ver na propia colección da Deputación de Lugo, e terían que relacionalos cos que ven nos quebracabezas das Ménsulas do Pazo de Xelmírez. Por último, e unha vez que conseguiron as dúas actividades anteriores, unha terceira é asignar o nome do instrumento á Ménsula de pedra e ao instrumento


Viola de brazo



















8. Blog “O son do Pórtico da Gloria”.

<http://instrumentosdelporticodelagloria.blogspot.com.es/>

Para traballar a Sala do Pórtico da Gloria propónse un *blog* onde se inclúen actividades previas que se poden prolongar no tempo de cara á visita ao museo onde se poderá facer unha observación activa e significativa dos compoñentes da Sala.

O *blog* inclúe, no momento da presentación, tres contos orixinais, dúas adiviñas, tres explicacións teóricas adaptadas, un glosario básico con imaxes e algúns enlaces para ampliar información.

Consideramos de especial relevancia para entender e transmitir a sala en conxunto, a través dun fío condutor que destaque a importancia da memoria histórica e a recuperación de instrumentos. Atopamos este fío condutor na relación dos instrumentos de corda que hai na Sala, así como nas imaxes que hai nas paredes, nun lado o Pórtico da Gloria e enfronte un retrato de Leonardo Da Vinci. Tamén é importante agrupar e sintetizar outros contidos para darlles unha importancia máis individualizada, por exemplo, a explicación dos instrumentos de corda fretada e pulsada. Inténtase fomentar con isto a motivación para o traballo autónomo e construtivo da aprendizaxe do alumnado de forma que se sintan capaces de continuar indagando nos contidos co fin de acadar unha aprendizaxe significativa, proceso no que a visita ao CENTRAD será imprescindible.

Traballando cun *blog* búscase unha máxima e cómoda difusión e utilización do mesmo de tal maneira que os nenos e nenas así como os mestres e mestras e mesmo as familias, poidan traballar coa información do *blog* a través da internet no colexio ou na súa casa, incluso comentar dúbidas que poidan ter nos comentarios das entradas e que entre eles ou os mestres e mestras axuden respondendo.

Non debemos esquecer as vantaxes do *blog* en canto ás posibilidades de aprendizaxe e familiarización dos nenos e nenas cos instrumentos, xa que se poden introducir vídeos onde poden apreciar os sons e particularidades dos mesmos, como puidemos comprobar na entrada "A corda que vibra" e desa maneira, poderán coñecer os diferentes sons e instrumentos musicais.

SALA ANTÓN DE MARCOS

Artesáns



Brocas



Cepillo



Colas e adhesivos



Escariador



Gubias




Nácara



Máquina para curvar a madeira




Planos



Marca de artesan



Torno



SALA FUNDADORES

Banda de gaitas



En maio, de 1983, créase a Escola de Gaitas e Zanfonas, no seo do obradoiro de Instrumentos. Aberta ata o ano 1994 é a primeira experiencia en Galicia que combinou o ensino do instrumento co solfexo.

Aturuxo

É un berro agudo e prolongado característico do folclore galego, que é emitido polo público ou os interpretes nun intre dado, no transcurso dunha peza musical. É moi típico de seráns, romarias, foliadas... podéndose tomar a súa frecuencia e intensidade como indicador do espírito festeiro dos presentes.

Bombo



Salterio



Monteira



Gramófono



Metrónomo



Punteiros



Ronco



Bendir



Caixa de música



Disco de lousa



Tamboril



Violín



Zambomba



SALA XELMIREZ

Aerófono de bisel



Aerófono de boquilla



Aerófono de lingüeta



Trompa de boca



Chifre de barro



Reclamo de caza



Ocarina



Alboka



Estación táctil



Ménsula





Corna



Palletas



SALA PÓRTICO

Arpa	
Laude	
Giga	
Salterio	
Carraca Zambomba	

Leonardo de Vinci



Piano de 1796



Organistrum



Zanfona medieval



Tambor - frauta



Zanfona



ÁLBUM DA IMPLEMENTACIÓN DA GUÍA

49

*Polos estudantes do Grao en Mestre/a de Educación Primaria
Facultade de Formación do Profesorado
Campus de Lugo
Universidade de Santiago de Compostela*





López de la Calle, M. (2014). "Unidade Didáctica: A Música tradicional galega na escola". Servizo de Normalización Lingüística, Universidades de Santiago de Compostela.

Real Decreto 1513/2006, de 7 de decembro, "por el que se establecen las enseñanzas mínimas de la Educación Primaria. Boletín Oficial del Estado", 8 de decembro de 2006, número 293, pp. 43053-43102.

"Reconstrución e investigación de instrumentos de corda medievais". (2ª. Edición trilingüe galego-castelán-inglés). Deputación de Lugo, 2006.

Villamor Gai, Bruno. "Método de gaita nivel medio". Editorial Dos acordes, S.L. 2011

<http://www.centrad.org>

<http://www.consellodacultura.org/asg/instrumentos>

<http://www.musicatradicional.eu>

<http://www.edufuturo.com/educacion.php?c=1534>

<http://www.orellapendella.org/>

<http://www.museodopobo.es>

<http://musicagalega.net>

<http://ouvirmos.com>

<http://www.epdlp.com/musica.php>

<http://gaiteirosgalegos.gal>

<https://mim.org/>

<http://www.museo.depo.es/>

<http://www.cantigaseagarimos.es/>

www.cantigasefrores.com

www.germandiaz.net

<http://www.funjdiaz.net>

<http://www.herrimusika.org>

<http://www.atienza.es>

<http://www.centrodedocumentacionmusicaldeandalucia.es>

<http://www.museosdemurcia.com> Colección Carlos Blanco Fadol

www.luispayno.es

